

A sección onde
deixares [as túas
opinións](#),
comentarios ou
suxestións e
debater con outros
internautas.

AS WEBS DE AQUÍ

Consulta no
[directorio de
Vieiros](#) as páxinas
sobre literatura,
editoriais e
librarías

A muiñeira de cabaret Voltaire

[14/02/2006 14:20] por **Santiago Freire**
Cabaret Voltaire
Jaureguizar

Galaxia, Vigo, 2005. 182 páxs., 12,50 €

Tras as dúas últimas entregas, *Casa Skylab* e a actual *Cabaret Voltaire*, e deixando a un lado a súa inicial etapa bravú, Santiago Jaureguizar afiánzase como un dos novelistas máis interesantes da última fornada. E non só polos dominios técnicos, polos constantes desafíos que se impón á hora de escribir, senón tamén pola súa particular e incómoda –para algúns– interpretación da realidade política de Galicia, ao desbaratar os alicerces nos que se alza a ideoloxía nacionalista, o seu lene carácter de mito.



Cabaret Voltaire constitúe un afouto alarde técnico no que mestura diferentes xéneros literarios, un punto de vista inédito e cun certo grao de risco, e unha estrutura harmoniosamente afinada, rítmica. K., un enxeñeiro nazi, seareiro dos derivados metélicos, arriba a Ribadeo cunha importante misión: furtar o diadema Celta, unha peza importante e simbólica no armazón ideolóxico alemán. Nun primeiro intre descoñece, atordado cunha enorme resaca, o seu cometido. En Ribadeo, no Cabaret Voltaire, descubre o amor da man dunha serea, retorna a Alemaña, observa e critica os cambios tras o remate da guerra cunha desoladora ollada sobre o asolagante capitalismo, a quebra da arte, a comechón política e social... Dous espazos diferentes, dous ritmos na novela.

Unha serea nun acuario, na primeira parte, é unha homenaxe ao xénero negro, moi ben dominado por Jaureguizar. A sombra de Hammett, Chandler, Conrad e ata me aventuro a escribir C. H. Andersen –esa serea que abandona o acuario por amor– asoman ás súas páxinas. Despunta unha elegante habelencia para crear atmosferas, de vagar, case que sen decatarnos mergúllanos na trama, plantando a semente da curiosidade, como os bos relatos policíacos. O importante non resulta ser o que se procura, senón os avatares das personaxes. Porque Jaureguizar, no seu *Cabaret Voltaire*, dá forma a unhas personaxes dunha gran forza, inesquecibles, que deixan na memoria unha fonda pegada. Na segunda parte, "Unha longa aperta a Berlín", o protagonista realiza unha serie de anotacións breves dando a súa opinión sobre os cambios sociais, culturais e políticos pasados os anos e rematada a segunda Guerra Mundial co conseguinte derrubamento da hexemonía Nazi. Xa que logo, e aínda que a novela semella converterse nun estrafulario fiaño dun chandorcas, como remate deste encaixe de palillos, Jaureguizar retoma o fío inicial: a fermosa historia de amor entre a serea do cabaré e o enxeñeiro. Deste xeito tómallo a dobra á historia, facendo fincapé na atmosfera de frustración, de imposibilidade afectiva en tempos de conflitos bélicos, esa decepción vital que cerca *Cabaret Voltaire* de cabo a rabo. Unha novela para pasar unha tarde agradable e reflexionar. Unha novela que a bo seguro non os ha deixar indiferentes.

[mércao en Andel](#)

COMENTARIOS:

Hai 11 comentarios para esta nova. [Le os comentarios e participa](#)

OUTRAS NOTICIAS

- ❑ [Na memoria está a dignidade](#)
- ❑ [Penélope reinterpretada](#)
- ❑ [A novas Auria/Oria](#)
- ❑ [Novela prescindible](#)
- ❑ [Viaxe polos vieiros da imaxinación](#)
- ❑ [Crime sen castigo](#)
- ❑ [Na procura das orixes](#)
- ❑ [Un atasco entretido](#)